






FÍRVIA DE ONETA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 3 km (ida e volta)
Dificultade: media-baixa
Duración: 1 hora



O río de Oneta é un afluente do Navia que baixa das abas do Picón e ten un curto percorrido con moitos desniveis no que o río forma varios saltos.

Unha ruta sinxela, indicada, cunha forte pendente no tramo final, que nos leva ao pé da “Fírvia”; unha caída vertical duns 20 metros de altura nun entorno de carballos e vexetación de ribeira. Seguindo o río por unha levada chégase á segunda ferverza “Fírvia de abaixo”, pequena pero de fronte ampla, e por debaixo dela hai unha terceira de boa altura (A Maseirúa), á que é imposible achegarse por esta ruta.

COMO CHEGAR: Desde Navia por Arbón, alí cóllese a estrada a Villartorey e de alí a Oneta.

Desde Villayón cóllese a estrada a Arbón e Navia e na saída da localidade un desvío á dereita que nos leva, por Riestra e a Liñera, a Oneta. Na centro da vila atópase un panel indicador da ruta a carón da estrada.

